

# LUNS 1. MARTES 2 E MÉRCORES 3

## DE XUÑO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, xa que son consciente que cada quen ten as súas circunstancias. Recordade que as actividades de ampliación son optativas.

01/06/2020

**FICHA Nº10:** Coñecer as principais fases da metamorfose da ra.

Antes de comezar a realizar a ficha podemos ver os vídeos sobre a evolución que sofren as ras ao longo da súa vida. (son os mesmos vídeos que incluíñ nas actividades de ampliación do venres polo que é posible que este paso xa o fixerades).

[https://www.youtube.com/watch?v=Mtd\\_jLjqg7w](https://www.youtube.com/watch?v=Mtd_jLjqg7w)

<https://www.youtube.com/watch?v=v2AZsL45NOM>

<https://www.youtube.com/watch?v=tzw3l5L94Sq> (capítulo de Jorge el Curioso dende minuto 0-11min)

<https://www.youtube.com/watch?v=P-92RXOXqCc>

Logo pasamos a levar a cabo a ficha na que se nos pide que peguemos os troqueles correspondentes para completar o ciclo da ra.

No reverso deberán debuxar e escribir os nomes (coa axuda do adulto) de outros anfibios. Antes de comezar coa tarefa deberíades explicarlles aos nenos/as o que son os anfibios. Para iso déixovos o seguinte vídeo explicativo.

<https://www.youtube.com/watch?v=RRDbPK6DeCk>

**AMPLIACIÓN:** Explicámoslles aos nenos/as que existen outros animais que sofren unha gran metamorfose: as bolboretas. Para iso podemos ver o seguinte vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=ceZUjEJS9og>

Outra opción é empregar o conto "La oruga glotona" do cal vos deixo o enlace ao conto: <https://www.youtube.com/watch?v=SjiGJWylfHc>

Con este conto traballase ademais da metamorfose das bolboretas, os días da semana, e os números.

Para ver se comprenderon o conto podedes facer que os rapaces debuxen e escriban as froitas que foi comendo a oruga ao longo da semana.

Logo sempre podemos realizar algunha manualidade como por exemplo pintar coas mans a oruga e logo facer a bolboreta cun rolo de papel hixiénico.







Esta bolboreta está feita con tiras máis ou menos de 3 cm do rolo de papel hixiénico dobradas. Os nenos/as poden pintar o cartón e logo o adulto terá

que axudarlle a pegar as partes (alas e o corpo este último pode ser unha rama).


**AMPLIACIÓN:** Outra manualidade interesante pode ser facer o ciclo da vida da bolbereta desplegable. Déixovos a continuación a ficha partir da que o podemos crear.

Recorta os cadrados e pega segundo a orde. Logo dobra segundo a ima.





**AMPLIACIÓN:** Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):



*02 /06/2020*

**FICHA Nº11:** Conteo de elementos.

Diante da ficha partexámoslle ao neno/a o seguinte:

Imaxínate que pasa por este estanque unha fada a cal consegue que os animais falen. Quen diría o seguinte:

- Hum! Que rico está este mosquito!
- Eu podo camiñar encima da auga.
- Estas flores semellan delicadas.
- Que cre ti que diría o peixe? E o sapo?

Posteriormente rodearemos de vermello unha ra, dous peixes de marrón e tres insectos voadores de rosa.

No reverso deberán pintar as regretas da cor que corresponde segundo o tamaño da mesma (a máis pequena quedará branca, a mediada que representa ao número 2 de vermello e a que representa o número 3 de verde)

No sitio que queda libre da folla podemos realizar cos rapaces un pequeno ditado de números (deberían ser capaces de escribir máis ou menos do 1 ao 3).

**AMPLIACIÓN:** Para traballar a identificación dos números podemos crear o seguinte xogo: os bolos. A varias botellas de plástico baleiras pegámoslle os números (do 1-9). O neno/a deberá intentar derribalos. Dirá en voz alta os números das botellas que tirou.



**AMPLIACIÓN:** Os que dispoñades de eira podedes levar a cabo a seguinte tarefa para traballar os números e a motricidade grossa. Trátase de pintar con tizas no solo os números. O adulto (ou irmá) ira dicindo os números sobre os cales deberá saltar o neno/a.





Outra opción e pintar cadrados e números e o neno/a deberá poñer dentro dos cadrados tantas pedras (ou millo, patacas...) como indica o número.



**AMPLIACIÓN:** Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):

COLOREA OS CÍRCULOS DE ACORDO CO NÚMERO DE ELEMENTOS DE CADA CONXUNTO E  
LOBO ESCRIBE O NÚMERO NO RECADRO.

|                                                                                                            |                                                                                                            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <br><input type="text"/>  | <br><input type="text"/>  |
| <br><input type="text"/>  | <br><input type="text"/>  |
| <br><input type="text"/>  | <br><input type="text"/>  |
| <br><input type="text"/> | <br><input type="text"/> |



03/06/2020

**FICHA Nº12** Conceptos: xuntos e separados.

Antes de comezar coa ficha traballaremos o concepto de xuntos/separados.



Podemos empregar para iso as seguinte imaxes:



Onde están os nenos separados? Sinala.



Cales son os gatos que están xuntos? Sinala.



Na ficha preguntásenos a diferenza entre ra e sapo. Mostraremoslles ao neno/a as seguintes imaxes e preguntaremoslles cales son as diferenzas entre ambos animais:



As diferenzas entre ambos animais son: o sapo teñen: a pel rugosa, os ollos máis pequenos que as ras, saltan pouco, son máis gordos, extremidades máis curtas.

Pasamos a continuación a realizar a ficha.

Temos que pegar os adhesivos do seguinte xeito: as ras xuntas e os sapos separados.






**AMPLIACIÓN:** Na mesma ficha (os diante ou polo reverso é indiferente) os nenos/as debuxarán dúas moscas que voen xuntas e dúas bolboretas que voen por separado.

**AMPLIACIÓN:** escoitar as seguintes cancións sobre sapos e se se animan bailalas.

<https://www.youtube.com/watch?v=mrXTQZW9b08>

<https://www.youtube.com/watch?v=tb9isU6PM5E>

**AMPLIACIÓN:** Os nenos/as deberán ver estas imaxes e dicir cantos obxectos hai en cada conxunto.





Busca as sílabas que están escritas en cor vermella e sinálaas.

 **SAPO**  
SA SE SI SO SU

 **PÉ**  
PA PE PI PO PU

 **LAGOA**  
LA LE LI LO LU

Busca e sinala a palabra correcta. SAPO - PÉ - LAGOA



PATO  
SAPO  
CACO




PÉ  
PÁ  
PÓ



LATA  
BOLA  
LAGOA



Se queremos podedes imprimir a seguinte imaxe. Recortala polas liñas e o neno/a deberán colocalas ordenadamente (do 1-10) para poder construír o puzzle.



**AMPLIACIÓN:** podemos realizar diferentes manualidades relacionadas cos sapos. Deixo a continuación algunha imaxe do que se pode facer.



## SAPO SALTARÍN SOBRE NENÚFAR.

Primeiro o neno/a deberá debuxar e decorar o seu nenúfar e o sapo (os debuxos deberán ser grandes). Finalmente recortará ámbolos dous.

Coa axuda do adulto construírán un recorte (para que o sapo salte). Déixovos un vídeo para ver como se fai xa que é moi sinxelo:



<https://www.youtube.com/watch?v=AKtilfLQhg0>

Finalmente pegaremos un extremo do resorte ao sapo e outro extremo ao nenúfar.





**AMPLIACIÓN:** Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lecto-escritura. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):

REPASA AS LETRAS.



A A A A A

E E E E E

I I I I I

O O O O O

U U U U U